IES MONTE CARRASCO

# GUÍA RÁPIDA PARA AS FAMILIAS
## Protocolo COVID-19

### Antes de vir ao centro

- O alumnado deberá facer unha **autoavaliación** diaria para detectar síntomas do **COVID-19**. Se presenta algún síntoma compatible coa enfermidade, non debe acudir ao centro educativo. A súa familia deberá contactar con **Atención Primaria** ou co seu médico habitual.
- A familia comunicará a ausencia ao centro no número **886 11 01 60** ou á persoa titora a través de **Abalar Móbil.**
- O alumnado tampouco debe acudir ao centro se se atopa en período de **corentena** ou se algunha persoa do seu núcleo familiar é sospeitosa de padecer COVID-19 e está esperando o resultado da proba.
- Para a **xustificación** de todas estas faltas non será necesario ningún xustificante médico. As familias poderán xustificar directamente as faltas aos titores/as a través de Abalar Móbil ou cubrindo o formulario correspondente, que estará colgado na páxina web do centro.

### Máscara protectora, xel hidro alcohólico, auga e merenda

- O alumnado deberá traer ao centro **máscara de protección** e unha segunda máscara de recambio nun estoxo específico para gardala. Os días que teñan Educación Física deberá traer unha máis.
- É aconsellable traer un **bote pequeno de xel hidro alcohólico** para uso individual.
- É aconsellable tamén traer unha botella pequena de **auga** e unha **merenda**, xa que a cantina do centro non funcionará este curso e a fonte de auga estará precintada xa que non podemos garantir o seu uso seguro.
- O alumnado traerá e levará cada día o material necesario ao centro. Non hai servizo de taquilla e non se permite o empréstamo de ningún material entre compañeiros/as.

### Medidas de protección e hixiene no centro

- Ninguén poderá acceder ao recinto sen máscara protectora.
- Tanto as saídas, como as entradas, como os recorridos polo centro están debidamente sinalizados con carteis e vinilos no chan. Os aforos das aulas e dos baños están tamén indicados.
- Todas as aulas están equipadas con xel hidro alcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables. Serán ventiladas e hixienizadas convenientemente ao longo da xornada.
- Unha persoa do persoal de limpeza durante toda a xornada lectiva limpará as aulas de uso común, os baños, varias veces ao día, e as superficies de maior contacto, sen prexuízo da limpeza do centro pola tarde.
- O alumnado sentarase nun sitio fixo en todas as aulas, mirando a unha mesma dirección e cunha separación de seguridade garantida de **1,5 metros**.
- O material común de uso compartido será hixienizado antes e despois do seu uso.
- Os desprazamentos polo centro estarán minimizados.
- Evitarase toda actividade que xunte alumnado de diferentes niveis.
- Durante o lecer, o alumnado de diferentes niveis non estará xunto. O patio do centro está dividido en catro zonas. O seu uso será rotativo.

### Accesos ao centro e horarios



- O alumnado que fai uso do **transporte escolar** entrará ao centro e á súa aula, nada máis chegar, accedendo por portas asignadas a cada grupo e polo percorrido que se lles indicará o primeiro día de curso.
- O alumnado que no usa o transporte escolar poderá chegar ao centro dende ás **8:10** e acceder directamente a súa aula polas portas e os percorridos asignados. As familias que acheguen ao alumnado en vehículos propios deben dar **prioridade ao transporte escolar** e non usar a explanada dos autobuses para parar ou estacionar.

## Comunicacións co centro e titorías



- Mentres dure esta situación sanitaria, as familias non poderán acceder ao interior do centro.
- As reunións de titorías faranse preferentemente de xeito telemático ou telefónico. Poden solicitarse directamente á persoa titora través de **Abalar Móbil**, ou por teléfono **886 11 01 60**.
- Para trámites administrativos deberá solicitarse **CITA PREVIA** a través do correo electrónico **ies.montecarrasco.cangas@edu.xunta.gal** ou do teléfono **886 11 01 60.**
- Se por revisións médicas ou por calquera outra circunstancia, as familias teñen que recoller a un alumno durante o horario lectivo, accederán pola porta principal e cubrirán o documento correspondente na conserxería.
- De igual maneira, se o alumnado acode ao centro, con posterioridade á hora de entrada, deberá estar acompañado por un proxenitor que entrará con el pola porta principal e cubrirá en conserxería o documento correspondente.

## Contacto co Departamento de Orientación

- As familias poderán solicitar entrevista coa Orientadora chamando ao teléfono **886 11 01 60** ou a través do correo electrónico.
- No caso de que a entrevista deba ser presencial, tomaranse todas as medidas de protección sanitaria e non coincidirán coas entradas, saídas, nin baixadas ao tempo de lecer.

## Detección dun gromo no centro




- Se durante a súa estancia no centro algún alumno/a presentará sintomas compatibles con COVID-19, o centro poñerase en contacto rapidamente coa súa familia, que deberá presentarse no menor tempo posible. Durante a espera, o alumno/a permanecerá illado nunha habitación acondicionada e segura, acompañado/a por persoal do centro ata que a familia se faga cargo do seu traslado.
- A familia solicitará consulta telefónica co/a pediatra que valorará a situación.

## No caso de confinamento total ou parcial

- Durante o mes de setembro, poñeranse en marcha cursos virtuais de cada materia en **Edixgal** (1º e 2º de ESO) ou en **Aula Virtual** (3º e 4º ESO). Dende cada materia explicarase ao alumnado como acceder, como están dispostos os contidos e cales son os procedementos para entrega das tarefas. As aulas virtuais estarán configuradas dende principio de curso e serán empregadas polo alumnado e profesorado no seu quefacer diario, co obxectivo de que poidan familiarizarse co seu uso e afianzar as súas destrezas dixitais.
- Está a disposición das familias o espazo de información "O carrasco nun clic". Nel está publicada información práctica sobre as plataformas de ensino virtual usadas no Monte Carrasco: **https://sites.google.com/view/guianaispaisdocenciaonline/p%C3%A1xina-principal**
- As canles de comunicación coa familia seguirá sendo **Abalar Móbil** e a páxina web do centro **https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecarrascocangas/** así como o teléfono **886 11 01 60**.



**COLABORAREMOS POR UNHA EDUCACIÓN LIBRE DE COVID-19**

**GRAZAS POLA VOSA CONFIANZA**

Instituto de Ensino Secundario
**MONTE CARRASCO**